

## SEIS ESPIRITOAI NEGROS

### 1. A crucifixión

Levárono perante o tribunal de Pilato  
e non dixo unha soa palabra.  
Levárono ao monte do Calvário  
e non dixo unha soa palabra.  
Clavárono na cruz,  
atravesáronlle un costado.  
Entón baixou a cabeza e morreu.  
E nunca dixo unha soa palabra.

### 2. Ouh, Señor, que mañán!

Ouh, Señor, que mañán!  
Cando as estrelas caian  
ouvirase o son da trompeta,  
ouvirase o canto dos anxos.  
Ouh, Señor, que mañán!

### 3. Deixeine todo

Deixeine todo para marchar tras del,  
deixei a miña casa.  
Non debo permanecer aqui,  
o meu Señor chámame.

### 4. Ás veces síntome como un neno sen nai

Un longo camiño cara a casa.  
Son un fidel crente  
no longo camiño cara a casa.

### 5. Saúdo á coroa

Alguns chegaron mutilados,  
outros chegaron lisiados.  
Pero todos saudaron a coroa do Señor.  
Alguns chegaron rogando,  
outros chegaron pregando.  
Mais todos saudaron a coroa do Señor.  
Alcluia!

### 6. Hai un home dando voltas

Hai un home dando voltas recollendo nomes.  
Está apontando os nomes de meu pai e de miña nai.  
Deixou o meu corazón dorido.  
Ese home recollendo nomes é a morte!

(Tradución: Bibiana Riaño)



ASOCIACION  
**AMADORES DA MÚSICA**

ACADEMIA DE MUSICA

CARLOS A. FDEZ.-CID

JAVIER VILLALBA GONZALEZ

## PRIMAVERA CULTURAL DE RIBADEO 1993

XOVES 8 DE ABRIL

8'30 DA TARDE

CAPELA DA VENERÁBEL  
ORDE TERCEIRA

BANDA

MUNICIPAL

CONCERTO  
DE MÚSICA  
RELIXIOSA



**EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO**

## “HAI QUE PENSAR NO QUE O PÚBLICO NECESA E NON NO QUE PIDE.”

“Hai que pensar no que o público necesita e non no que pide. Hai que educar á audiéncia e ensinarlle cousas novas porque ninguén pode amosarse partidario do que descoñece. A música é algo máis que puro entretenimento”. Subscrebemos a declaración de Kurt Masur, o actual director da Orquestra Filarmónica de Nova York. O programa de xénero que ofrece a Municipal ribadense e que debullamos nas liñas que seguen, é algo inédito no bandismo galego. Non pode gozar ainda —recoñécemolo— do favor popular dun concerto de paso-dobres, mais se a Banda Municipal de Ribadeo é a concreción pública dun proxecto en gran medida educativo, hao ser tamén para quen a escoitan. Daí estas notas, más ponderadas do comun.

Willy Hautvast (Maastricht, 1932) é un compositor entregado ás orquestras de vento, ás bandas. Clarinetista, é tan coñecido como arranxista para banda de páxinas sinfónicas como pola sua importantísima producción propia. A Banda Municipal de Ribadeo ten tocado a sua transcripción do *Jesus Christ Superstar*, de Lloyd Webber. O seu *Prelúdio coral* é unha peza onde un único tema severo serve para amosar as múltiples posibilidades tímbricas dunha banda.

A *Marcha fúnebre* de Federico Chopin (1810-1849) é célebre por motivos extra-musicais: interprétase nos funerais de estadistas e monarcas de todo o mundo. Coñece versións dunha marcialidade inxustificábel. A nosa, debida a pluma de Emilio Cebrián Ruiz, é a tradicional das bandas peninsulares. Non esquezamos que a marcha forma parte dunha obra para piano.

Máis novo ainda que Chopin finou Giovanni Battista Pergolesi (1710-1736). Conquistou unha fama inusitada para o seu tempo e para a sua idade coa ópera bufa *La serva padrona*. A sua obra mestra é, sen embargo, o *Stabat Mater*, para soprano, mezzo-soprano e conxunto instrumental de cámara. O compositor e intelectual español Julio Gómez asina a transcripción para banda reducida dos fragmentos que ofrecemos, como A.C. van Leeuwen fai o próprio con duas páxinas senlleiras do repertorio relixioso: o *Panis angelicus* de César Franck (1822-1890) e o estremecedor motete de Mozart *Ave verum corpus*; o sentido concertante e o camerístico caracterizan, respectivamente, estes dous arranxos.

As toalidades de Mi bemol Maior e de Do menor, con tres bemois na clave que representan a triada do rito da iniciación e os tres pilares do “templo da humanidade”; a predilección polos instrumentos de vento fronte aos de corda e tegra; as ligaduras expresivas de duas notas; a harmonia consonante das terceiras e sextas paralelas... Eis o cerne das características emblemáticas da música franc-masónica, pereffeitamente teorizadas. Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791) ingresou na lóxia masónica vienesa *Zur Wohltätigkeit* (Beneficencia), movido polas suas inquedanzas progresistas, pacifistas e renovadoras da sociedade, en decembro de 1784.

A reiteración de motivos de aparente simpleza (tanto musical como literaria), acompañados de figuracións rítmicas e de harmonias que logo recollería o jazz, son a constante dos cantos espiritoais dos negros norteamericanos. Ted Huggens amañou média dúcia deles (algún moi coñecido) para banda sinfónica.

H.N.

## PROGRAMA

*Prelúdio coral* ..... Willy Hautvast

*Marcha fúnebre da*

*Sonata n.º 2, Op. 35, en Si bemol menor* ..... F. Chopin

*Stabat Mater*

(*Introducción e “Quando Corpus Morietur”*) ..... J.B. Pergolesi  
(Trasc.: Julio Gómez)

Solistas: Rubén Solloso Iríma e  
Víctor M. Sanjurjo Rio,  
Fliscornos.

*Panis angelicus* ..... C. Franck

Cuarteto de Metais:

Rubén Solloso, Fliscorno  
Víctor M. Sanjurjo, Trompeta  
Aurora Fernández Peña, Trombón  
Beatriz Lombao, Bombardino

*Ave verum corpus* ..... W.A. Mozart

*Música fúnebre masónica, KV 477* ..... W.A. Mozart

(Trasc.: D. Dondeyne)

*Seis espiritoais negros* ..... Arr.: Ted Huggens

1. The crucifixion
2. My lord what a morning
3. Steal away
4. Sometimes I feel like a motherless child
5. Hail to the crown
6. There's a man going round

Director: HERNÁN NAVAL